

Proposta de colaboración do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para a elaboración do protocolo de protección do persoal do SAF

Desde o **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia** gustaríanos achegar a nosa colaboración no proceso de elaboración do protocolo de protección para o persoal do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), anunciado recentemente pola FEGAMP e a Consellería de Política Social.

A atención ás persoas no seu domicilio a través do **Servizo de Axuda no Fogar (SAF)** é unha das pezas clave do sistema de coidados en Galicia, e desde o **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia** queremos recoñecer e apoiar o impulso da FEGAMP e da Consellería de Política Social e Igualdade para establecer un protocolo de protección para o persoal que presta este servizo esencial.

Desde o noso Colexio, gustaríanos manifestar o noso interese en **participar activamente na elaboración deste protocolo**, poñendo á disposición da administración e da FEGAMP a experiencia das **coordinadoras e coordinadores de SAF**, profesionais do traballo social que teñen unha visión integral e práctica do funcionamento do servizo e das necesidades tanto do persoal auxiliar como das persoas usuarias.

Por este motivo, ofrecémonos para **constituír un grupo de expertas e expertos**, en representación do colexio, que poida **achegar coñecemento técnico e propostas concretas** para enriquecer o protocolo e garantir que recolla as particularidades do servizo desde unha perspectiva profesional, social e ética.

Entendemos que un protocolo que aspire a ser útil, coherente e aplicable debe construírse desde a participación dos axentes implicados. Contar coa mirada e a experiencia das profesionais do traballo social pode contribuír de maneira decisiva a acadar ese obxectivo común de mellorar a seguridade e calidade do SAF.

Agardamos poder abrir canles de colaboración efectiva e quedamos á disposición para manter unha xuntanza ou reunión de traballo onde avanzar nesta proposta.

Sen outro particular, reciban un cordial saúdo.

En Santiago de Compostela a 4 de agosto de 2025.

Miriam Rodriguez Sierra

Presidenta COTSG